



# Iniciativa Estratégica en Aeroespazo, Seguridade e Defensa 2025-2030

## Resumo Executivo







# Iniciativa Estratéxica en Aeroespazo, Seguridade e Defensa 2025-2030

## Resumo Executivo

|                                                                                      |    |
|--------------------------------------------------------------------------------------|----|
| 01 Os sectores do aeroespazo,<br>a seguridade e a defensa en Galicia .....           | 5  |
| 02 A oportunidade de ampliar<br>o alcance do apoio a estes sectores en Galicia ..... | 9  |
| 03 A Iniciativa Estratéxica 2025-2030 .....                                          | 13 |



01

## Os sectores do aeroespazo, a seguridade e a defensa en Galicia



A Xunta de Galicia ven desenvolvendo unha política de apoio activo ao sector aeroespacial desde o ano 2014, a través dunha **Iniciativa Estratéxica** dirixida a facer deste sector un referente entre os sectores de alta tecnoloxía en Galicia.

Ata a data, a política de impulso do sector aeroespacial en Galicia materializouse no **Polo Aeroespacial de Galicia**, creado en 2015 co obxectivo de converter á comunidade nun *hub* aeronáutico e de sistemas non tripulados. As actuacións promovidas baixo esta política agrupáronse na denominada *Civil UAVs Initiative*, unha iniciativa estratéxica **pioneira en Europa** para atraer investimentos ao sector de drons civís e fomentar solucións innovadoras con vehículos non tripulados.

A través da **colaboración público-privada**, o Polo Aeroespacial logrou congrega máis de 50 entidades (empresas tractoras, pemes, universidades e centros tecnolóxicos), que desenvolven en conxunto máis de 100 proxectos de I+-D+i e emprendemento, coa participación de máis de 1.000 profesionais altamente cualificados. De feito, a Xunta foi pioneira no uso de instrumentos como a **Compra Pública de Innovación** para executar estes proxectos, ferramenta que serviu de modelo para outras rexións.

Doutra banda, a **Estratexia de Especialización Inteligente (RIS3) de Galicia 2021-2027** identifica como prioritarios varios ámbitos de alta tecnoloxía e sustentabilidade, entre eles o aeroespacial, a seguridade e a defensa. Os esforzos céntranse en actividades de tecnoloxía dual, aproveitando sinerxías civís e militares, de modo que as solucións desenvolvidas poidan aplicarse tanto a servizos civís como á demanda do sector defensa.

**O impacto destes investimentos e a evolución do sector aeroespacial en Galicia foron analizados** nos últimos anos por varias universidades españolas, no marco do **Observatorio do Sector Aeroespacial de Galicia**, destacando os seguintes datos:

- Entre 2015 e 2022, o sector creceu de 2.677 empregos a 4.267, o que representa un incremento do 59%. Actualmente, é o terceiro sector de alta tecnoloxía en Galicia por número de persoas empregadas.
- A facturación do sector aumentou un 21,4% nese período, superando amplamente o crecemento da rexión líder (Andalucía), que foi do 0,5%, e a media nacional, que alcanzou o 15%.
- O valor engadido do sector creceu un 35%, máis que a facturación, o que evidencia un cambio estrutural máis profundo que o experimentado por outros sectores da economía galega e superior ao doutros sectores de alta e media tecnoloxía (cun crecemento sete puntos porcentuais maior entre 2015 e 2021).
- As exportacións do sector multiplicáronse por 43 nese período, e o saldo comercial foi positivo por primeira vez en 2021 e novamente en 2023.

Aínda que o sector aeroespacial galego aínda é de tamaño reducido en comparación con outras comunidades, Galicia atópase en proceso de consolidación como unha rexión destacada neste ámbito. Actualmente, máis de 140 empresas participan na súa cadea de valor.

Segundo estes estudos, as empresas galegas obteñen maior rendibilidade que as do resto de España e presentan un endebedamento notablemente menor. Tamén mostran unha produtividade do activo substancialmente superior, así como maior solvencia a longo prazo e mellor liquidez.



**Este impulso traduciuse en un importante crecemento do sector en Galicia**

**+59%**

**Crecemento de emprego no sector aeroespacial en Galicia ata os 4.267 empleos**



**+21,4%**

**Aumento da facturación, sendo a rexión con maior crecemento do sector en España.**



**+140**

**empresas, grandes e pequenas, forman hoxe parte do sector do aeroespazo, a seguridade e a defensa en Galicia. Un sector con capacidades en máis do 75% das tecnoloxías críticas para o futuro destas actividades**

Así mesmo, a produtividade do traballo é máis alta, o que pode indicar un maior investimento na creación de novos produtos.

No **ámbito da seguridade e a defensa** —con 115 centros de traballo especializados neste sector—, Galicia destaca pola súa capacidade para construír **sistemas navais completos** (fragatas, buques de asalto, portaaeronaves e submarinos) e **sistemas terrestres avanzados**, con dúas empresas líderes nestas áreas radicadas na comunidade (Navantia e Uro). Así mesmo, destaca a participación de empresas e centros galegos en grandes programas **tecnolóxicos de comunicacións e ciberseguridade**, como a Iniciativa Estratéxica de Ciberseguridade do INCIBE, onde máis do 13% dos fondos financian proxectos galegos. Galicia é ademais una das poucas rexións con **capacidades demostradas na construción de sistemas non tripulados aéreos, terrestres e navais**.

A estas capacidades tecnolóxicas súmanse as capacidades de xestión, coa presenza en Galicia de empresas con acreditada traxectoria no liderado de programas especiais de defensa, como Navantia, Uro, Indra, entre outras. Varias destas compañías participan en **grandes programas de cooperación internacional** e protagonizan importantes operacións de exportación. Así, trátase dun sector no que Galicia conta con **empresas tractoras** —capaces de atraer outras máis pequenas— que lideran tanto o desenvolvemento tecnolóxico como o comercio nacional e internacional.



02

## A oportunidade de ampliar o alcance do apoio a estes sectores en Galicia

O sector do aeroespacio, a seguridade e a defensa está a atravesar unha profunda transformación, impulsada polo contexto xeopolítico actual, as novas incertezas e os avances tecnolóxicos.


A seguridade e a defensa convertéronse en prioridades tanto para a UE como para os seus Estados membros. O conflito entre Rusia e Ucraína puxo de manifesto a necesidade dunha estratexia de defensa europea unificada e unha maior **coordinación, investimento e innovación**. A **Estratexia Industrial Europea de Defensa** recolle novas accións para apoiar a competitividade e preparación da industria de defensa na Unión. Esta estratexia define indicadores para medir o progreso dos Estados membros e establece obxectivos clave para 2030:




**Hoxe, os sectores do aeroespacio, a seguridade e a defensa representan unha oportunidade para o crecemento de calquera rexión europea**

- Alcanzar polo menos un **40%** de adquisicións de equipos de defensa de forma colaborativa.
- Lograr que o comercio intraeuropeo de defensa represente polo menos o **35%** do mercado total de defensa da UE.
- Aumentar progresivamente a contratación pública de defensa dentro da UE ata o **50% en 2030** e o **60% en 2035**.


## Obxectivo UE 2030



dos equipos de defensa deberán adquirirse de forma colaborativa de aquí a 2030.



do valor do mercado de defensa da Unión deberá corresponder ao comercio de defensa dentro da UE de aquí a 2030.



Como primeiro paso, a Comisión presentou o **Programa Europeo da Industria de Defensa (EDIP)**, unha nova iniciativa legislativa para avanzar desde medidas de emerxencia cara a un marco estruturado e sostible que garanta a preparación industrial a longo prazo. Cun orzamento de **1.500 millóns de euros**, o EDIP financiará a competitividade do sector, o investimento en tecnoloxías vangardistas e proxectos de I+D transfronteirizos.

Ademais, reforzase o **Fondo Europeo de Defensa**, con investimentos centrados en capacidades estratéxicas como sistemas navais e terrestres avanzados, tecnoloxía aérea de combate de última xeración, capacidades espaciais de alerta temperá, defensa cibernética e protección de infraestruturas críticas.

A CE tamén anunciou medidas orzamentarias complementarias:

- **Ampliación do orzamento de defensa e seguridade no próximo Marco Financeiro Plurianual (MFP)**, aliñado co compromiso dos Estados membros da OTAN de destinar polo menos o 2% do PIB a defensa.



**A seguridade e a defensa convertéronse en cuestións prioritarias para a UE e os seus Estados membros.**

## 2% do PIB

Limiar mínimo de investimento en defensa establecido pola OTAN, co que esta iniciativa está aliñada, aínda que se estuda incluso elevalo ata o 5%.

## 36.560 M€

Orzamento de defensa en España proxectado para o 2029


- **Revisión do modelo de financiamento do FED** para mellorar o seu impacto.
- **Reforzo do programa InvestEU** para financiar tecnoloxías duais e emerxentes.
- **Mobilización de novos recursos** mediante instrumentos financeiros e capital privado.
- **Financiamento coordinado** de proxectos a través do EDIS e o EDIP, para fomentar adquisicións conxuntas e cooperación industrial.
- **Reforzo** da resiliencia das **cadeas de subministración mediante mellor coordinación**, almacenamento estratéxico e resposta diante crise.

Esta estratexia impulsou aos Estados membros a redefinir as súas políticas de defensa, aliñándoas con obxectivos de **autonomía tecnolóxica e industrial**.

España desenvolveu un novo marco estratéxico que abarca a defensa tradicional, a seguridade enerxética, humana, ambiental, económica e a ciberseguridade. A **invasión de Ucraína en 2022** supuxo un punto de inflexión que acelerou o incremento do gasto militar. Entre **2016 e 2022**, o orzamento do Ministerio de Defensa duplicouse, pasando de **6.800 a 14.000 millóns de euros**. En 2024 prevese alcanzar o **1,53% do PIB**, cun obxectivo do **2% en 2029**, equivalente a un investimento de **36.560 millóns de euros**. Ademais, aseguráronse 10.800 millóns de euros para **necesidades urxentes das Forzas Armadas**.

En 2023 publicouse a **Estratexia Industrial de Defensa 2023 (EID 2023)**, co obxectivo de fortalecer a **Base Industrial e Tecnolóxica da Defensa (BITD)**. Esta estratexia inclúe dez eixos, entre eles o desenvolvemento de capacidades estratéxicas, programas de armamento, alianzas estratéxicas, incorporación de novas tecnoloxías e cohesión territorial. No ámbito internacional, reforza a participación en programas como PESCO, EDF e EDIP, e na OTAN.

## Orzamento de Defensa (2016-2029) *(millóns de euros)*



En abril de 2025, a aprobación do **Plan Industrial e Tecnolóxico para a Seguridade e a Defensa** reafirmou o compromiso nacional co investimento en defensa, con foco en ciberseguridade, sistemas de disuasión e xestión de emerxencias. Prevese alcanzar o 2% do PIB como paso previo a un obxectivo do 3% acordado con socios europeos.

Galicia, con **capacidades consolidadas nestes tres sectores**, ten diante unha gran **oportunidade de liderado**. As perspectivas de crecemento son superiores á media dos sectores de alta tecnoloxía, o que xustifica unha intervención decidida por parte da Xunta de Galicia, materializada na nova Iniciativa Estratéxica en Aeroespacio, Seguridade e Defensa.



**España reforza a súa participación en programas internacionais como PESCO, EDF, EDIP e na OTAN, impulsando a cooperación e reducindo as dependencias tecnolóxicas.**

03

## A Iniciativa Estratéxica 2025-2030

A Iniciativa Estratéxica nace coa ambición de aproveitar as oportunidades que o novo contexto ofrece ás entidades galegas, xerando oportunidades profesionais tanto presentes como futuras para a mocidade galega, e convertendo estes sectores nunha panca crave para o crecemento económico e a mellora das condicións de vida na rexión.

Neste marco, a **Consellería de Economía e Industria, en colaboración co ecosistema galego do sector e expertos na materia, elaborou a Estratexia 2025-2030**. Esta estratexia identifica obxectivos, programas de investimento e actuacións concretas que serán impulsados pola Xunta de Galicia, co fin de que a comunidade continúe liderando as políticas de apoio a este sector en España.

Os obxectivos para o próximos cinco anos son:

- **Impulsar o crecemento das empresas** que forman parte do ecosistema galego de aeroespacio, seguridade e defensa.
- **Fomentar a diversificación das empresas**, para que poidan ofrecer os seus produtos e servizos nos sectores aeroespacial, de seguridade e de defensa.
- **Materializar novos investimentos industriais** e promover a transformación sectorial que facilite a entrada de novas empresas no sector.

- **Reforzar as capacidades produtivas** territoriais de Galicia neste ámbito, incluíndo o acceso ao capital, as infraestruturas e a dispoñibilidade de persoal cualificado.
- **Liderar as novas políticas industriais** a nivel nacional, consolidando o posicionamento da Xunta de Galicia como un goberno emprendedor e exemplar no impulso da colaboración público-privada.



**Ante a necesidade de lograr a autonomía estratéxica de Europa, a Xunta fixa como obxectivo a industrialización e non só a creación de capacidades.**

**A Estratexia 2025-2030 contempla un investimento directo da Xunta de 183 millóns de euros durante o próximos cinco anos, incluíndo o actual.** Este investimento busca atraer financiamento adicional doutras entidades públicas e do sector privado, co obxectivo de alcanzar un investimento total próximo aos 900 millóns de euros en Galicia. É dicir, por cada euro investido pola Xunta, preténdese mobilizar 3,9 euros adicionais doutros actores públicos e privados.




O investimento estrutúrase en **tres grandes programas** e 21 actuacións que comprenden licitacións, axudas, convenios e outros instrumentos de intervención pública. O obxectivo é dar unha resposta integral ás necesidades actuais do ecosistema galego para a súa consolidación e crecemento nos próximos anos. Os tres programas son:

**Baixo o primeiro programa da Estratexia 2025-2030 agrúpanse as tres principais actuacións de colaboración público-privada da Xunta para o sector aeroespacial, da seguridade e a defensa.**

**Programa Ecosistema**, que agrupa tres grandes liñas de colaboración público-privada:

- **Acordos de Asociación:** contratos asinados con empresas e centros de coñecemento que colaboran coa Xunta en programas conxuntos de investimento para o desenvolvemento de tecnoloxías crave.
- **Grandes proxectos de soberanía tecnolóxica:** impulsados pola Xunta e empresas do sector, enfocados en investimentos industriais estratéxicos que requiren un apoio específico.



- **Consortorios galegos para proxectos e programas estratéxicos:** agrupacións de empresas e centros galegos que reciben apoio directo para competir en convocatorias nacionais e internacionais e atraer fondos e investimentos.

O orzamento deste Programa ascende a 84 millóns de euros, no período 2025-2030, e aspira a mobilizar 621 millóns de investimento en Galicia.



O segundo programa axudará a novas empresas a incorporarse aos sectores do aeroespazo, a seguridade e a defensa, e consolidará as xa existentes.


**Programa de Apoio a Incorporación e Consolidación**, cuxo obxectivo é transformar o tecido empresarial e industrial existente en Galicia, para que poida aproveitar as oportunidades que ofrecen os sectores do aeroespazo, a seguridade e a defensa. Isto lograrase a través de:

- O apoio a empresas doutros sectores ou novas empresas para a súa incorporación a estes sectores.
- A consolidación das empresas xa existentes.

O programa inclúe **dez actuacións centradas** no asesoramento empresarial, o apoio a procesos de transformación e a provisión de infraestruturas territoriais singulares.

Continuarase impulsando a creación de novas empresas tecnolóxicas mediante a BFAero e en colaboración coa ESA. Así mesmo, fomentarase a creación de mercados para as empresas galegas e facilitarase o coñecemento da oferta e capacidades de Galicia, tanto a nivel nacional como internacional.

**Este programa conta cun orzamento de 34 millóns de euros para o período 2025-2030, co obxectivo de mobilizar un investimento total de 62 millóns de euros en Galicia.**



**Programa para Investimentos Duais en Aeroespazo, Seguridade e Defensa**, cuxa principal actuación é a creación dun Fondo de Investimento en Tecnoloxías Duais. Este fondo permitirá acompañar o crecemento do nacente sector galego aeroespacial, favorecendo o investimento empresarial e o seu arraigamento no territorio.

A Xunta dotará este fondo con 40 millóns de euros, aspirando a mobilizar unha cantidade equivalente doutros investidores públicos e privados. Ademais, o programa contempla outras actuacións centradas:

- Na atracción de investimentos.
- Na dispoñibilidade de chan industrial.
- Nas axudas á innovación.
- No estímulo á demanda rexional de solucións innovadoras, mediante compra pública.



**A través do programa de investimentos duais, a Xunta apoiará os investimentos necesarios para impulsar o desenvolvemento industrial das empresas do sector aeroespacial galego e atraer novos investimentos a Galicia, destacando un novo Fondo de Investimento en Tecnoloxías Duais.**

O orzamento deste Programa ascende a 65 millóns de euros, no período 2025-2030 e aspira a mobilizar un investimento en Galicia próximo aos 203 millóns de euros.



40 M€

será a achega inicial da Xunta para a creación do Fondo de Investimento en Tecnoloxías Duais.

En canto á gobernanza da Iniciativa Estratéxica en Aeroespacio, Seguridade e Defensa, contéplanse os seguintes mecanismos:

- Un **Foro Técnico Anual e un grupo de expertos** onde se compartirá o coñecemento técnico acumulado por empresas e centros, en parte grazas aos propios instrumentos de colaboración promovidos pola Xunta.
- A creación dun **grupo de traballo especializado, con representantes da industria**, as administracións públicas e centros de coñecemento, que contribuirá a orientar a toma de decisións estratéxicas e a manter a estratexia en continua evolución.

Así mesmo, poñerase en marcha un **Observatorio do Sector Aeroespacial, da Seguridade e a Defensa**, para o seguimento e a difusión do coñecemento. A Xunta manterá activa un labor de **investigación multidisciplinar** sobre estes sectores, en relación co contexto nacional e internacional.

# Iniciativa Estratégica en Aeroespacio, Seguridade e Defensa 2025-2030

## Resumo Executivo



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA